

TODO PESSOA

Unha falsa unidade

Repasando a biografía de Fernándo Antonio Nogueira Pessoa, sobre todo nas dúas primeiras adolescencias, e dígoos en termos de crise, de crise de identidade, que coinciden con dúas rupturas, coa ruptura ós sete anos de idade, dramática, coa súa nai, e coa súa cidade, Lisboa, e co seu barrio, e o seu río, que tanto van significar na creatividade do poeta, sería suficiente para valorar onde estamos, cara a evolución dinámica da personalidade que se está a forxar no poeta. Non esquezamos a morte do pai, nin a loucura da avoa Dionísia, e a traxedia que puido significar o paso dado, unha vez en Durban, en África, baixo outro clima e outro idioma, de ser “menino de sua mãe” a “ex-menino da sua mãe”, a perder as caricias da súa nai que tanto añorará ó longo da vida, mesmo en expresións proxectadas cara a paisaxe. Unha perda causada polo home co que D. Madalena se vai casar, o novo pai, o padrasto, quen lle roubará o amor da nai. ¿Que clase de familia é esa onde se estrutura tal personalidade? Estes versos de Alberto Caeiro son clarividentes:

*O seu pai era duas pessoas-
Um velho chamado José, que era carpinteiro,
E não era pai dele;
E outro pai era uma pomba estúpida,
A única pomba feia do mundo
Porque não era do mundo nem era pomba.
E a sua mãe não tinha amado antes de o ter
Não era mulher: era unha mala
Em que lhe tinha vindo do céu.*

A identidade, a busca dunha identidade, necesita de elementos que impliquen a posibilidade dunha certa permanencia, de puntos fixos ou marcas de referencia, delimitación circunscrita a unha unidade; precisa polo menos de dous obxectos, onde o suxeito poida escoller. A dinámica pode ficar freada na dualidade especular, ó non ser posible unha elección, que se acelera pola complicación ternaria. Sen embargo a relación dual, como a relación nai-fillo, devén gratificante coa nai amorosa que atende a demanda do fillo. Se a nai falta, é por iso que

se bota en falta; se no la rouban entra carraxe, e a angustia acude en auxilio. Hai tres e hai catro: un pai que non é pai e unha pomba no alén, a única pomba *feia* do mundo; fea porque fea foi unha morte a destempo, tal como sucedeu co poeta rianxeiro Manuel Antonio, un pai “roubado” pola morte. E coa nai que bota de menos, que non nomea, porque desapareceu e esta “outra”, coa que non contaba, e que non é muller, só unha mala.

As máis das veces a identidade se relaciona co sentimento consciente de individualidade única e unívoca; pero tamén coa continuidade nunha aspiración derivada dun desexo inconsciente, asociada á solidariedade cos ideais dun grupo, dun colectivo. A pluralidade como persecución dunha unidade da que non nos decatamos a primeira vista, se nos quedamos na lectura máis superficial e unívoca. A obra, cando é creativa soamente a é pola súa capacidade suxestiva e suxerinte, cando deixa de ser unívoca para ser equívoca, aínda que nos equivoquemos. Non está nada mal a orxía flaubertiana se ven por eses canles. De aí a súa grande riqueza:

Deus não tem unidade.

Como a terei eu?

Ser un mesmo cando non se é un mesmo. Os sentimentos de culpa, o estado depresivo, as ideas de suicidio. O *cansaço* dunha loita interminable:

Hoje, vou confesar, quero sentir-me

Definitivamente sen ninguém,

E de min mesmo, ativo, demitir-me

Por não ter procedido bem.

II. Soño e palabra (A intimidación da escritura)

A palabra que non quere dicir nada -o soño, por exemplo- di a pesar dela e precisamente di o que non quere dicir (O. Mannoni, 1994:31).

“Descubrin que a lectura é unha forma servil de soñar. Se<teño que soñar, ¿por que non soñar os meus propios soños?” (F. Pessoa, *Apontamentos persoais*, Fragmento sen data, *Antrhopos, Ibid.*, p.109)

A maioría dos autores acordan que a palabra é moito máis ca si mesma. Que a palabra é historia, polo tanto un ben de todos e cada un dos homes, e que estes, os homes, para que o sexan, o serán pola graza e obra da palabra. A palabra é unha realidade máis profunda e máis transcendente que as cousas, que os obxectos, insignificantes en canto o home non os nomee. No intre en que as cousas entran na nómina da palabra é cando significan. E non digamos se a palabra aparece como escritura. A escritura, no dicir de R. Barthes “está sempre enraizada nun máis alá da linguaxe, se desenrola como un xerme e non como una liña, manifesta unha esencia e ameaza cun segredo, é unha contra-comunicación, intimida” (R. Barthes, 1991:27).

¿Que é intimidar? A primeira referencia está cargada dunha certa represión, dun temor que nos fai ser segundo tamén o valoren os demais, os outros que o van xulgar, ou os outros que hai en min e que tamén participan na escritura e polo mesmo na valoración, desde o pensamento convertido en palabra, manifesto ou latente. Porque a palabra sempre está acompañada polas outras palabras. “Ningunha palabra é densa por si mesma, é apenas o signo dunha cousa e, moito máis, a vía dun vínculo. Lonxe de mergullarse se estende, apenas proferida, cara outras palabras” (R. Barthes, 1991:49).

Cando a palabra se converte en poesía, ou cando a poesía a é verdadeiramente é cando a palabra se transcende a si mesma ata o punto en que, máis que expresar outras cousas agás do que di, que iso acontece con calquera signo expresivo sexa ou no verbal, o que fai é conectar con todas as posibilidades dos suxeitos vinculares. Mesmo sen suxeito. Ou sexa, estar en disposición de constante e xenerosa apertura. Un intento de universalidade desde a liberación da censura represiva individual da biografía persoal de cada quen. Sobre todo desde o silencio ese silencio que pasa a ser sobresaínte no centro da palabra polo que ambos os dous se constitúen ao tempo que o home se establece como tal. “O maior poeta da época moderna, anuncia Pessoa, será o que tiver mais capacidade de sonho” (Pessoa, *O.P.*, 1986:101). Ou máis capacidade de inocencia, se a inocencia se pode concibir como unha capacidade. Ou de silencio, como lle chama Octavio Paz (1987:5), ese silencio do que se alimenta a linguaxe do

poeta, que “é a fala inocente”. “Pessoa, segue Octavio Paz, poeta real e home escéptico, necesitaba inventar a un poeta inocente para xustificar a súa propia poesía. Reis, Campos e Pessoa din palabras mortais e datadas, palabras de perdición e dispersión: son o presentimento ou a nostalxia da unidade. Non é por azar que Caeiro morra mozo, antes de que os seus discípulos inicien a súa obra. É o seu fundamento, o silencio que os sustenta”.

III . A heteronimia como metáfora

Pessoa quere ser todo de tódalas maneiras, mesmo quere ser nada para ser Todo incluíndo o nada, a nada. Por eso é sempre verdadeiro. Pessoa é a imposibilidade do falso. Na intención de o conseguir sendo drama em gente, non van ser soamente os personaxes que abundan nel, mesmo o “Pessoa ele proprio” o que definirá a concepción que de totalidade, do Todo Pessoa ou, se o queredes, de Pessoa Total, o Señor Todo ou o Señor Total, senón a mesma concepción moderna da palabra na poesía. Así R. Barthes nese eido se expresa con claridade cando di que na poesía moderna, “as relacións só son extensións da palabra, a Palabra é ‘morada’, está implantada como orixe na parodia das funcións, comprendidas como ausentes. Aquí as relacións fascinan, a Palabra alimenta e colma, como o súpeto develamento dunha verdade; dicir que esta verdade é de orde poético, só é dicir que a Palabra poética xamais pode ser falsa porque é total; brila con unha infinita liberdade e se apresta a irradiar miles de relacións incertas e posibles” (*Ibid.*, p.52). E máis adiante, engade o mesmo autor (R.Barthes, 1991:53): “A Palabra xa non está encamiñada *de antemán* na intención xeral dun discurso socializado; o consumidor de poesía, privado da guía das relacións selectivas, desemboca na Palabra, frontalmente, e a recibe como unha cantidade absoluta acompañada de tódolos seus posibles”.

VI. O Eu

O medo á desestructuración fai que o home intente manter, ou facer, unha suposta unidade monolítica que a xente traduce coma personalidade. Ante unha situación de ansiedade o home ten medo a morrer, latexa nel unha sorte de posible morte física (pola opresión precordial que sente, medo a morrer dun paro cardíaco, angor, angustia), ou a perde-la razón, deixar de ser un mesmo, a través da loucura temida, outra sorte de morrer non sendo xa un mesmo, morte psicolóxica pederíamos dicir. O temor á loucura foi tal vez un dos pánicos soterráns e constantes de Pessoa. ¿A imaxe da avoa Dionisia? Ricardo Reis, sendo *innúmeros* non soportaba os cambios.

*Tudo quanto me ameace de mudar-me
Para melhor que seja, odeio e fujo.
Deixem-me os deuses minha vida sempre sem renovar.*

E o anhelado de ser *un*, un *eu*, de Alvaro de Campos:

Eu, eu mesmo...
Eu, cheio de todos os cansaços

...
Eu son eu
Eu fíco eu
Eu...

A orixe de toda identidade, así acontece na nosa sociedade, está en primeiro lugar no pai. Transmite a liñaxe, o saber, a palabra. O acceso á realidade (simbólica) verificase a través del (Bauer). Sabemos dos pais, das nais, dos avós de Pessoa. É ridículo sentirse orgulloso dos antepasados. Freud propón e prefire ser el mesmo un antepasado, un pai, un avó. "Eu son meu pai, miña nai, o meu fillo e eu mesmo", dicía Artaud (Recollido de

PsT). Desta maneira será como mellor poderemos entender que o home poida ser un animal, un ser, ensimesmado (en si mesmo) no sentido orteguiano, en contra do resto dos animais, alterados (alter) pendentos do arredor en constante alerta. Pero é polos outros que nós somos. O home será si mesmo coa ensimesmidade e coa outredade.